



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PESCA
Dirección Xeral de Innovación e
Desenvolvemento Pesqueiro



CEIDA
CENTRO DE EXTENSIÓN
UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN
AMBIENTAL DE GALICIA



A mostra está producida pola delegación de Ferrol da Sociedade Galega de Historia Natural

O CEIDA presenta a exposición *A Natureza Mariña Galega*

- A presentación terá lugar mañá, 2 de abril, ás 12 horas no Castelo de Santa Cruz, no concello coruñés de Oleiros

Oleiros, 1 de abril de 2008, Mañá, mércores 2 de abril, ás 12 horas presentárase a exposición ***A Natureza Mariña Galega*** no Castelo de Santa Cruz (Oleiros), sede do CEIDA – Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia -. A mostra está producida pola delegación de Ferrol da SGHN – Sociedade Galega de Historia Natural -.

Ao acto de presentación intervirán **Fátima Linares Cuerpo**, Directora Xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia, un representante da delegación de Ferrol da SGHN e **Carlos Vales Vázquez**, Director do CEIDA.

A Natureza Mariña Galega é unha mostra itinerante que pretende dar a coñecer as especies que poboan os mares e zonas costeiras galegas e os seus perigos. Está composta por unha ampla colección de cranios e maxilares de diferentes cetáceos, onde se pode observar as diferencias entre odontocetos e misticetos, ademais de aspectos relacionados coa súa bioloxía, distribución ou estatus poboacional. Oito paneis complementan a mostra.

Elaboración dun catálogo

Por outra banda, a Consellería de Pesca Asuntos e Marítimos, a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, a Sociedade Galega de Historia Natural e o CEIDA están a elaborar un catálogo dos fondos mariños galegos onde se ilustrarán vintecinco coleccións de diferentes especies. Neste catálogo, resaltaránse os elementos máis importantes da colección, onde se contará a súa historia, e tamén se fará un inventario das pezas que a forman.

Un saúdo,
Área de Comunicación do CEIDA